

O cómic no CPI As Revoltas Cabana de Bergantiños

2015-2016

Un ano cheo de bos momentos e de actividades ao redor do Cómic involucrando a todo o profesorado e alumnado dende infantil ata 4º da ESO



O cómic invadiu o noso centro





SAMAÍN 2015

CONCURSO "SUSTOS MONSTRUOSOS"

Bases do concurso:

- Poderá participar o alumnado de Ed. Infantil e do 1º ciclo de Primaria, empregando a plantilla do concurso, onde se incluírá o nome e o grupo.
- Cada participante debuxará o seu personaxe de cómic ou de terror favorito, ao que lle engadirá unha frase en lingua galega.
- Pódense pegar as onomatopeas ou globos que se queiran.

A temática estará relacionada co medo, o cómic e o Samain.

- Prazo máximo de entrega: o 29 de outubro.
- Habereá un diploma e un premio por aula.

Ei que morran co medo!!!






Formando cidadãos leitores críticos

As xornadas científicas

¿Qué es la tensión superficial de un líquido?
La tensión superficial de un líquido es la fuerza que actúa en la superficie del líquido, que le permite resistir a la fuerza de gravedad. Esta propiedad se produce por la unión de las moléculas de un líquido en la superficie de un líquido.

CORRE
ALIMENTA!





365 días pola igualdade

BANDA DESEÑADA

• Seminario Permanente de Educación para a Igualdade *Phisax, habitante da igualdade* Cómico que traballa a educación para a igualdade entre mulleres e homes.



OUTRAS RECOMENDACIÓNS...



MÚSICA

• Sés, *Admirando a condición*.



Neste disco podeades escoitar a canción titulada "Non son fada", que fala sobre a reivindicación da muller do seu propio papel na sociedade.

• Guadi Galego, *Lúas de outubro e agosto*

Neste novo traballo discográfico de Guadi Galego inclúese a canción "Matriarcas", onde fala da importancia da muller na sociedade actual.



RECURSOS EN LIÑA

• Educa Tolerancia:

[http://www.educatolerancia.com/index.php?option=com_content&view=section&id=50&layout=blog&Itemid=59]



Material para pais e nais, guías de linguaxe non sexista, xogos, fichas de filmes, prevención da violencia de xénero, coeducación, historia das mulleres en diferentes áreas etc.

• Compilación de recursos feito pola mestra M^a Asunción García Alvares:

[<https://sites.google.com/site/recursosviolenciade/xenero>]

Inclúe enlaces a unidades didácticas, literatura, librerías especializadas, blogs, documentais, filmes, vídeos, música e cartaces.



BASTA!



Lecturas pola igualdade

25 de novembro de 2015

Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres

IGUALDADE

RESPECTO





BIBLIOTECA CPI 'AS REVOLTAS'
CABANA DE BERGANTIÑOS




Ampliando a cultura musical





Xaneiro, un mes pola paz.
Coñecendo a situación dos refuxiados



As xornadas culturais





CULTURAL NEWS

Cabana de Bergantiños de Martes 15 a Venres 18 de Marzo de 2016

CPI AS REVOLTAS

O COMIC INVADE O CENTRO

O pasado mércores 15 de marzo visitaron o centro Mou e Marcos, uns graffiteiros pertencentes ao grupo ordense Mutante Creativo. Este grupo axudou o alumnado cabanés, dende 2º a 4º da ESO deste mesmo nivel, que aceptou encantado e participou con gran entusiasmo na actividade.

O mural representado foi o gañador: a proposta da alumna de 3ºB, Uxía Santos Seoane combinouse coa doutra compañeira da gañadora, Nahir Parga Fuentes, cuxa tipografía foi empregada no mural do cómic do CPI As Revoltas.



I SEMANA CULTURAL "AS REVOLTAS"

O día 15 de Marzo de 2016 o CPI As Revoltas comezou as súas primeiras xornadas culturais cun concerto do dúo de rock "True Mountains". A partir dese momento, alumnado de primaria e secundaria foron distribuídos durante 3 días en distintos e moi variados talleres de actividades, organizados polos profesorado do centro. Contamos así con obradoiros artísticos, como papiroflexia e gravado e tamén con actividades ximnásticas, como trampolin e malabares. Tamén foron organizadas varias charlas con celebridades como o ex-xogador do Super Dépor, Manjarín e o ex-xogador do Bergantiños, Miguel Figueiras. O Dpto. de Lingua Galega e o EDLG organizaron o recital da poetisa carballesa Rosalía Fernández e o músico Serxio Moreira co espectáculo de poesía e música ELQ. Ademais contamos tamén coa visita de oficiais da Garda Civil, que nos falaron de cousas tan importantes como os efectos das drogas e do alcohol e coma o bullying. Tamén tivemos varios obradoiros culinarios como de requieixo e crepes, obradoiros de expresión teatral, e moitas actividades máis.

Os mellores artigos...



O grupo True Mountains formado por un contrabaixista e un guitarra, amenizaban a velada do martes pola tarde no CPI As Revoltas, facendo levantarse das cadeiras ao alumnado da ESO.





As vosas opinións !(Pax 9) Opinións recollidas durante a realización das actividades e obradoiros



Entrevista a Manjarín e Figueiras (Pax 7)

O mes do libro



23 Lecturas para lermos ao sol
 Publicado o 14 de Maio de 2016 | [ver o perfil do autor](#)

Chegados a este remate do curso cando todos estamos desaxando desconexión de exames, traballos e horarios escolares, e pensando no felices que nos sae gozando de tempo libre no que nos dedicamos ás nosas actividades favoritas de lecer, non queremos esquecer que a lectura é unha actividade das máis prezantosas. Agardar por nós unha morea infinita de historias, aventuras, soños e ilusións. Cada libro apoxa un tesouro que nos pode transportar á máis afastada das latitudes ou rememorar en nós a máis esquecidas das emocións.

Por iso vos ofrecemos esta compilación de lecturas recomendadas co testemuño gráfico e literario de todas aquelas persoas de recollida practica en diferentes idades como a literatura, o deporte, o cinema, a investigación científica e até de mundo da política. O equipo de Biblioteca e de EOLIS agradece inmensamente a todas as persoas participantes que nos permitiran chegar, a cando elas, tamén as recomendacións do profesorado do CPI As Revoltas.

Velopí tedes, alumnado, familias, claustro do CPI As Revoltas e calquera persoa apaixonada pola lectura, un feixe de interesantes recomendacións de diferentes xéneros e para todos os idades, días que podades gozar baixo a sombra dunha árbore, deitados ao sol, á beira do mar, no traxecto dunha viaxe ou na intimidade do voso fogar.

Mil grazas a todas as persoas que contribuídes desinteresadamente coas vosas achegas a reivindicar e promover a lectura.

Mil grazas ás lectoras e aos lectores porque só por vós ten sentido este proxecto.

Agardamos que vos prestan e vos acompañen neste verán e sempre!

Boas lecturas para lermos ao sol!

- [Ver o curso: ver a lista completa](#)

Un libro, unha razón.
Federico Pérez Rey
 Aitor
 Mensual
 Javier Marías
 Para máis razóns véde
 catón de aín frías as
 luntanas págs.

Biblio 'As Revoltas'

CPI 'As Revoltas'

Artigos recentes



MAY 30 **“Poema do alleado”**
 Posted on Maio 30, 2016 by edlgasrevoltascabana

Videopoema de Manuel María recitado e teatralizado polo alumnado de 3º ESO A do CPI As Revoltas:

Videopoema 3º A Manuel María

MAY 12 **Recursos sobre Manuel María**
 Posted on Maio 12, 2016 by edlgasrevoltascabana

Desde o EDLG e a Biblioteca do CPI 'As Revoltas' recomendamos os seguintes recursos sobre Manuel María que podemos empregar nas nosas aulas para dar a coñecer a figura do homenaxeado no Día das Letras Galegas deste ano. Velaquí a podedes consultar:

Biblioteca e EDLG do CPI As Revoltas

Letras Galegas 2016

RECURSOS LETRAS GALEGAS 2016
MANUEL MARÍA

RECURSOS XERAIS

- Primavera das Letras: <http://primaveradasletras.gal/>
 Páxina de recursos sobre Manuel María (contén ligazóns a diferentes biografías, e tamén fichas didácticas, compilación de recursos na rede, etc, entrevistas, vídeos, artigos, unidades didácticas, etc).
- Páxina de recursos sobre as Letras Galegas 2016 da Coordinadora Galega de

O mes das nosas letras

